

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 10 DE MAIO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *Lusitanica* Steinbacher) en Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Festa do Salmón, na Estrada; a Festa do Choco, en Redondela; e a Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide, en Melide.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de cento cincuenta e catro mil seiscientos euros (154.600,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 60% derivados da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a sociedade estatal Aguas de las Cuencas del Norte, S.A., para a execución e explotación das obras da nova EDAR de Santiago de Compostela, por un importe total de cincuenta e nove millóns setecentos setenta e sete mil douscentos corenta e cinco euros (59.777.245,00 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Bóveda, para a execución da obra de mellora da ETAP de Bóveda. Fase I. Bóveda (Lugo), clave OH.227.619, por importe de seiscentos cincuenta e sete mil cento trece euros con catorce céntimos (657.113,14 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas, para o fomento das exportacións galegas-Foexga 2013, cofinanciado polo Feder no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, por importe de un millón douscentos mil euros (1.200.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza o Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e para excepciónar ás beneficiarias da achega de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro das bases reguladoras dunha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para facilitar ás empresas galegas o acceso a financiamento destinado ao inicio ou incremento da súa actividade exportadora, instrumentadas mediante convenio coas entidades colaboradoras (programa re-Export 2013).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta en porcentaxe superior á recollida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a exención da obriga de constituír garantías no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de decembro de 2012 ata o 30 de novembro de 2013. Importe: sete millóns douscentos oitenta mil euros (7.280.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior á establecida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración coa Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (Autismo Galicia), para promover a atención de persoas con trastornos do espectro autista e as súas familias en Galicia e do mantemento da Federación e das entidades federadas. Importe total: cento vinte e cinco mil cincocentos setenta e dous euros (125.572,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior a establecida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento da COGAMI e das súas entidades. Importe total: setecentos trinta e un mil trescentos noventa e oito euros (731.398,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados de contía superior á establecida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración coa Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, con síndrome de Down, en situación de dependencia e as súas familias. Importe total: catrocentos dezaoto mil seiscentos setenta e catro euros (418.674,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec), para o financiamento de actividade destinada a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da Federación. Importe total: dezaoto mil cincocentos euros (18.500,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de persoas xordas de Galicia (FAPXG), para a realización do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes en Galicia e o mantemento da Federación. Importe total: setecentos cincuenta e seis mil catrocentos noventa e tres euros (756.493,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes-GALICIA), para o financiamento dos seus programas dirixidos ás persoas con enfermidade mental residentes en Galicia e do mantemento da entidade. Importe total: catrocentos sesenta e cinco mil oitocentos corenta euros (465.840,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou patoloxías afíns (Federación Aspace Galicia), para o financiamento do programa de respiro familiar e do mantemento da entidade. Importe total: vinte e cinco mil euros (25.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento de programas de atención ambulatoria, e rehabilitación funcional e inserción social e persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da Federación e das Entidades Federadas. Importe total: cento quince mil cincuenta e un euros (115.051,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia. Importe total: trinta e cinco mil oitocentos vinte e sete euros (35.827,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións en Favor das Persoas co Discapacidade Intelectual de Galicia (Fademga Feaops GALICIA), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Fademga Feaps GALICIA. Importe total: trescentos setenta mil noventa e un euros (370.091,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais, por importe total de dezaoito millóns cincocentos oitenta e sete mil catrocentos noventa e nove euros (18.587.499,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe relativo ás axudas a través de contratos-programa de centros tecnolóxicos e centros de coñecemento dentro do convenio da Estratexia Española de Innovación E2I.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria da OPE 2013 do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a hixiene das mans.

A XUNTA APROBA O PLAN DE RECUPERACIÓN DA ESCRIBENTA DAS CANAVEIRAS PARA GARANTIR A SUPERVIVENCIA DESTA ESPECIE EN PERIGO DE EXTINCIÓN

- *O fin deste plan é aumentar a poboación existente ata que limite de xeito significativo o seu risco de extinción e se acade unha poboación reprodutora superior a 112 parellas*
- *Co fin de adaptar o Plan aos novos condicionantes para a conservación da subespecie, avaliaranse os resultados cada 6 anos, modificándose no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras.

A finalidade do plan é inverter a tendencia demográfica regresiva da escribenta das canaveiras en Galicia, ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, e se acade a recuperación nas zonas de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas.

As propostas do Plan concrétnanse nunhas normas de protección da subespecie e do seu hábitat e nunhas medidas de actuación para acadar os seguintes obxectivos:

- Fomentar a colonización de humidais de reprodución da subespecie que se perderon (lagoa de Budiño, encoro de Cecebre...).
- Manter nun estado de conservación favorable todos os humidais que sexan utilizados pola subespecie e mellorar, pola súa vez, a súa calidade como hábitat
- Aumentar o coñecemento da dinámica e viabilidade dos núcleos poboacionais, bioloxía reprodutiva e dos factores que determinan o declive da poboación, para un mellor axuste das accións de conservación da subespecie.
- Realizar un seguimento e avaliación das medidas adoptadas.
- Crear un fondo documental de apoio a xestión e investigación desta subespecie.
- Informar, concienciar e facer partícipe á sociedade da problemática de conservación da escribenta das canaveiras e dos esforzos para a súa recuperación.

A vixencia do Plan será indefinida ata acadar os obxectivos propostos. Co fin de adaptar o Plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, realizarase a súa modificación no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación.

Zonificación

De conformidade co disposto no artigo 2, o ámbito de aplicación deste decreto, que comprende a denominada zonificación da escribenta das canaveiras, está constituída pola Área de distribución potencial, área de presenza e a área prioritarias de conservación.

- **Área de distribución potencial:** inclúense nesta área todos aqueles humidais costeiros que poderían ser empregados pola subespecie, ben como áreas de descanso durante movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría, en especial durante o inverno. A delimitación da zona inclúe todos os humidais de Galicia con vexetación palustre de gran porte presentes entre a liña de costa e 15 km cara ao interior.
-
- **Área de presenza:** a área de presenza durante o período reprodutivo está ligada aos humidais costeiros con vexetación palustre de gran porte (carrizo, xunco e espadana) e zonas de bordo constituídas por terreos agrícolas. Sitúanse nos seguintes humidais, onde a presenza de exemplares foi regular nos últimos cinco anos:
 - Esteiro do Miño.
 - Canaval do Bao
 - Canaval do Ulla
 - Lagoa de Vixán
 - Esteiro do Tambre
 - Canaval de Outes
 - Lagoa de Traba
 - Marismas de Ponteceso
 - Marismas de Baldaio
 - Humidal de Barrañán
 - Lagoa de Doniños
 - Carregal de San Xurxo
 - Lagoa da Frouxeira
- **Área prioritaria de conservación:** incorpora os lugares ocupados por canavais e xunqueiras nos humidais sinalados no artigo anterior. Son zonas vitais para a supervivencia e recuperación da subespecie, xa que os utiliza para a reprodución e alimentación.

A XUNTA DECLARA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA AS FESTAS DO MELINDRE EN MELIDE, DO SALMÓN NA ESTRADA E DO CHOCO EN REDONDELA

- *As tres festas de exaltación gastronómica cumpren os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Con estas declaracións, Galicia conta xa con 80 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para unha festa da provincia da Coruña, a Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide, xunto con outras dúas da provincia de Pontevedra, a Festa do Salmón da Estrada e a Festa do Choco de Redondela.

A Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide véñse celebrando dende hai 22 anos cada segundo domingo de maio. A repostería tradicional é un dos principais reclamos deste concello e os melindres ricos e amendoados converten a Melide en terra doce. Nesta festa, ademais, faise unha lembranza especial aos oficios artesáns da localidade coma os ferreiros ou os zapateiros.

A Festa do Salmón da Estrada exalta o salmón do Ulla e leva celebrándose cada terceiro domingo do mes de maio dende hai 39 anos. O obxectivo desta festa é dinamizar e difundir tanto o concello de A Estrada coma o valor das excelencias do *peixe rei*, o salmón. Ademais de ser un evento gastronómico tamén ten a consideración de deportivo por celebrarse un concurso internacional de pesca con gran éxito de participación e capturas que acadaron fama internacional. Nas pasadas edicións houbo unha participación entre 8 e 10 mil persoas que gozaron da degustación popular e das actividades que xiran ao redor do evento.

A Festa do Choco de Redondela véñse organizando a segunda fin de semana do mes de maio dende 1987. Este cefalópodo é para Redondela algo máis que un produto culinario por canto é a identidade do carácter dun pobo, ata o punto de que os redondeláns e redondelás son coñecidos e coñecidas popularmente polo xentilicio de choqueiros e choqueiras. O arraigamento a esta festa é moi forte entre a poboación local, o que se reflicte nunha afluencia media de 25 mil persoas.

Con estas tres festas, Galicia conta xa con 80 festas de interese turístico de Galicia, ás que hai que engadir as 13 festas coa declaración de Interese turístico nacional e as 6 co distintivo de festa de Interese turístico Internacional.

XUNTA E COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA COLABORAN NA ATENCIÓN A MULLERES E NENOS EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Tamén darán atención psicolóxica a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e familia e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Vicepresidencia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia para o financiamento de dous programas de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero, para os que o Goberno galego achegará un total de 154.000 euros.

Concretamente, trátase do programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para os menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero; e do programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, coñecido como “Abramos o círculo”.

O primeiro programa iniciouse no ano 2004 e está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima.

Ademais, esta iniciativa é un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

O ano pasado beneficiáronse deste programa 600 persoas -408 mulleres, 171 menores e 21 dependentes- e participaron na intervención 79 profesionais da psicología nas catro provincias galegas.

Abramos o Círculo

Pola súa banda, o programa “Abramos o Círculo” leva desde 2001 ofrecendo atención psicolóxica especializada e de apoio a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de intervención: “información e atención” e “intervención psicolóxica personalizada”. En 2012 beneficiáronse deste programa un total de 54 homes e participaron na intervención 38 profesionais da psicología.

Ambos os dous programas contan cun psicólogo coordinador e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional que comprenden asistencia e consultas ás persoas beneficiarias, asistencia oral en xuízo polos psicólogos do programa, e este ano inclúese a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia.

A XUNTA DESTINA 3,3 MILLÓNS DE EUROS AOS CONCELLOS PARA PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO, FOMENTO DA CONCILIACIÓN E APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN DA MULLER

- ***A convocatoria prioriza as solicitudes presentadas conxuntamente e prevé a concesión de anticipos de ata o 60% da subvención concedida***

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe á convocatoria de 2013 das axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, para as que o Goberno galego destina 3,3 millóns de euros, cofinanciados nun 80 por cento polo Fondo Social Europeo.

A convocatoria engloba tres programas de colaboración coas entidades locais: a promoción da igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero; o fomento da conciliación; e o apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

Ademais, coa finalidade de lograr unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, impulsaranse os proxectos de xestión compartida, polo que se priorizarán as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local fronte as presentadas de xeito individual.

Así mesmo, as bases reguladoras prevén a concesión de anticipos de ata o 60 por cento das axudas concedidas, contribuíndo a que as entidades locais dispoñan dos recursos cando realmente os precisan, máxime neste momento coxuntural en que se atopan nunha situación financeira delicada e reciben maior demanda de servizos.

O Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes está destinado a medidas como actividades de coeducación dirixidas á poboación infantil e xuvenil ou elaboración de plans municipais de igualdade de oportunidades; a liña de prevención e tratamento da violencia de xénero, a accións de prevención deste problema e intervencións de carácter integral coas vítimas. A contía máxima que pode recibir unha entidade local por este programa é de 10.000 euros no caso de solicitude individual e ata 15.000 euros se é unha solicitude conxunta.

Pola súa banda, o programa destinado á conciliación subvenciona todas aquelas accións que os concellos adopten coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras, como os bancos de tempo ou os plans de programación do tempo das cidades. Neste segundo programa, a contía máxima será de 12.000 euros para as solicitudes individuais e ata 18.000 euros nas conxuntas.

Por último, o programa dedicado aos CIM, ten por obxecto colaborar coas entidades locais no funcionamento destes centros, coa finalidade de garantir a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade, que lles proporcione

asesoramento xurídico e psicolóxico; información sobre recursos específicos para mulleres, así como o desenvolvemento de calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes. A contía máxima por este programa é de 45.000 euros, e ata 70.000 euros no caso dunha solicitude conxunta.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU A SINATURA DO CONVENIO PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA EDAR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O impacto da nova localización no Souto, en especial con respecto a cheiros, será menor que en Silvouta; e ademais, a instalación que se vai finalmente construír será máis exixente na súa depuración que a inicialmente protesta*
- *O Executivo autonómico asumirá o 15% do investimento total, a mesma porcentaxe que o Goberno autonómico achega nas demais infraestruturas de interese xeral que o Estado está a executar en Galicia*
- *O investimento total ascende a 59,7 millóns de euros. A capacidade de tratamento pasará dos 103.000 habitantes da depuradora actual a 264.000*
- *Unha vez rematados os traballos procederase á recuperación ambiental e paisaxística da marxe dereita do río Sar*
- *As actuacións en marcha no marco dos convenios entre a Xunta e o Estado ascenden a case 430 millóns de euros, cunha achega por parte da Administración galega case 138 millóns de euros*
- *Os proxectos vixentes converten a Galicia na referencia en execución de obra hidráulica de España*
- *Este compromiso do Goberno de España en Galicia ten un claro apoio na solvencia da Xunta, que garante o cofinanciamento dos fondos europeos que achega o Estado a través do canon da auga*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial de Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Estatal de Aguas de las Cuencas del Norte (AcuaNorte), para a execución e explotación das obras dunha nova EDAR no municipio compostelán.

Esta actuación hidráulica ten como obxectivo conseguir a depuración das augas residuais de Santiago de Compostela nas condicións de vertedura que exige a normativa vixente, así como resolver os problemas de capacidade hidráulica da actual depuradora, tratar todo o caudal que chega á EDAR, e lograr un tratamento de lodos eficiente e que reporte economía ao conxunto da explotación.

O proxecto valorado en 59.777.245 euros contará co compromiso da Xunta de Galicia como xa o trasladou a pasada semana o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, ao alcalde da cidade de Santiago. O Executivo autonómico, a través de Augas de Galicia, achegará o 15% do investimento total, a mesma porcentaxe que o Goberno autonómico aporta nas infraestruturas de interese xeral que está a financiar co Estado, como a depuradora de Ourense ou o saneamento de Ferrol. O investimento restante será achegado pola sociedade estatal AcuaNorte, a través de subvencións do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e o Concello de Santiago de Compostela, con achegas monetarias directas da propia Administración local.

| INVESTIMENTO | | | |
|------------------------|---------------------------|-------------------------------|------------------------|
| TOTAL | XUNTA DE GALICIA (15%) | CONCELLO DE SANTIAGO (15%) | ACUANORTE (70%) |
| 59.777.245,00 € | 8.966.586,75 € | 8.966.586,75 € | 41.844.071,50 € |

Desenvolvemento das actuacións

O convenio recolle a nova localización cuxo anteproxecto se está a ultimar, no Souto, alternativa á de Silvouta que era a que propoñía o anterior Goberno do Estado. O impacto do Souto, en especial con respecto a cheiros, será menor que en Silvouta; e, ademais, a instalación que se vai finalmente construír será máis exixente na súa depuración que a inicialmente proposta.

A actual EDAR de Silvouta ten unha capacidade de tratamento de deseño de 103.200 habitantes equivalentes, e non ten a posibilidade de eliminar nitróxeno e fósforo. Esta capacidade de tratamento vese amplamente superada pola realidade, o que orixina a deterioración ambiental do río Sar augas abaixo das instalacións.

Para resolver esta problemática, o convenio prevé a execución das seguintes actuacións:

- Prolongación do colector interceptor do río Sar ata a EDAR.
- Construción dunha estación depuradora de augas residuais urbanas para un caudal medio de 72.000 m³/día e 264.000 habitantes equivalentes, con eliminación de nutrientes por vía biolóxica, tratamento terciario e tratamento de lamas con dixestión anaerobia.
- Demolición da EDAR existente de Silvouta e transporte de produtos de demolición a vertedoiro.
- Unha vez demolida a EDAR actual levarase a cabo unha recuperación ambiental e paisaxística da marxe dereita do río Sar onde se localiza a planta, tendo en conta o contorno.

O convenio establece as condicións básicas para a colaboración entre a sociedade estatal AcuaNorte, o Concello de Santiago de Compostela e Augas de Galicia, para o financiamento, execución, e a entrega e mantemento e conservación das obras.

Así, AcuaNorte encargárase da redacción dos proxectos construtivos, licitará e adxudicará os contratos, dirixirá as obras e encargárase das expropiacións que sexan necesarias. Augas de Galicia participará no financiamento da actuación mediante unha subvención a favor de Acuanorte. A achega da Xunta de Galicia corresponderase con fondos obtidos a través do canon da auga, que fai posible este tipo de investimentos do Estado con Fondos Europeos en Galicia. O Concello de Santiago de Compostela porá á disposición das obras aqueles terreos públicos da súa titularidade, e participará no financiamento da actuación.

Unha vez rematados os traballos procederáse á recuperación ambiental e paisaxística da marxe dereita do río Sar onde se sitúa a EDAR, tendo en conta o ámbito e sobre todo o Plan xeral de ordenación urbana.

Ademais créase unha comisión de seguimento do convenio cuxo obxectivo será estudar e acordar todos aqueles asuntos de interese relacionados coa execución das obras, e estará integrada por tres membros da sociedade estatal, un de Augas de Galicia, e un membro do Concello de Santiago de Compostela.

Colaboración Xunta-Estado

O convenio para a execución da nova estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela supón un novo fito na colaboración institucional entre a Xunta de Galicia e o Estado para a execución de obras hidráulicas. O volume de investimentos das actuacións que están en execución ou que se van asinar neste ano 2013 ascende a case 430 millóns de euros en convenios de colaboración entre a Xunta e o Estado, cunha achega por parte da Administración galega de case 138 millóns de euros. Os proxectos en marcha converten a Galicia na referencia en execución de obra hidráulica de España.

As actuacións máis importantes son os convenios para a execución das EDAR de Vigo, Ourense e Santiago. A EDAR de Vigo, xa en execución, a de Ourense, adxudicada e cun próximo comezo das obras, e a de Santiago, confirmada co convenio autorizado hoxe. Destaca tamén pola súa envergadura o conxunto de obras que se acometen na ría de Ferrol, coa execución dos distintos tramos do colector interceptor, tamén xa adxudicadas e a piques de comezar.

Estas obras son clave para a mellora ambiental de Galicia e da calidade das súas augas, pero son tamén xeradoras de emprego en momentos en que os investimentos se analizan máis que nunca. É dicir, nun momento clave dinamízase a economía e resólvense problemas ambientais que levaban moitos anos agardando para unha solución definitiva.

Nestes últimos días, a Xunta comprometeuse a colaborar co Estado, ademais de coa depuradora de Santiago de Compostela, en importantes e demandadas actuacións en

San Cibrao das Viñas, O Pereiro de Aguiar, Sarria ou O Barco de Valdeorras. Nos vindeiros días autorizarase un novo convenio para actuacións de saneamento no Porriño, e de nos próximos meses concretarase tamén outra importante colaboración, fundamental no cumprimento de normativa en materia de depuración, como é a nova depuradora de Ribeira.

Este compromiso do Goberno de España co ambiente en Galicia, o feito de que a nosa comunidade autónoma sexa referencia en obras hidráulicas en España nestes momentos, ten moito que ver con que haxa unha administración solvente como a Xunta que garante o cofinanciamento dos fondos europeos que achega o Estado. E isto é grazas ao canon da auga, que é o recurso fundamental que se aplica para este cofinanciamento da Xunta de Galicia. A Xunta comprométese nestes convenios a achegar 138 millóns de euros. O retorno que se obtén son eses 430 millóns totais que se mobilizan para as actuacións, o que supón que por cada euro de canon que a Xunta achega, o investimento real en Galicia se triplica.

As actuacións son as seguintes:

| Actuación | Investimento Proxecto | Achega Xunta |
|---|-----------------------|-----------------------|
| EDAR de Vigo | 229.996.000,00 € | 104.341.000,00 € |
| EDAR de Ourense | 49.000.000,00 € | 10.109.000,00 € |
| Colector interceptor marxe dereita da ría de Ferrol | 37.610.169,00 € | 3.761.016,90 € |
| ETAP de Monforte | 6.180.475,41 € | 2.500.000,00 € |
| Interceptor xeral de Ferrol. Tramo III | 8.884.078,67 € | 888.407,87 € |
| Nova EDAR de Santiago de Compostela | 59.777.245,00 € | 8.966.586,75 € |
| Colectores xerais e EDAR de Ribeira | 22.000.000,00 € | 4.400.000,00 € |
| Mellora do saneamento e EDAR de San Cibrao das Viñas | 3.500.000,00 € | 700.000,00 € |
| Mellora do saneamento do Pereiro de Aguiar | 1.500.000,00 € | 300.000,00 € |
| Saneamento no Sistema de saneamento do Río Louro | 2.500.000,00 € | 500.000,00 € |
| Adecuación do leito e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro | 6.700.000,00 € | 1.340.000,00 € |
| EDAR do Barco | 1.500.000,00 € | 150.000,00 € |
| Totais | 429.147.968,08 | 137.956.011,52 |

MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ MÁIS DE 650.000 EUROS PARA MELLORAR O SISTEMA DE ABASTECIMENTO E AMPLIAR A ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DE BÓVEDA

- *Executarase unha nova captación de auga para os casos de proliferación de cianobacterias no encoro de Vilasouto*
- *Aumentarase a capacidade de potabilización de auga no equivalente á subministración de 2.000 habitantes*
- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se construírá esta actuación hidráulica, cuxo prazo de execución se estima en 8 meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Bóveda para a execución da mellora da estación de tratamento de auga potable neste concello lucense.

A actuación implica un investimento de máis de 650.000 euros, que será aboado ao 100% por Augas de Galicia e suporá unha importante mellora de todo o sistema de abastecemento de Bóveda, dende a captación ata a planta de potabilización.

Executarase unha nova captación no río Viloría, que permitirá unha subministración de auga con calidade axeitada durante os períodos de proliferación de cianobacterias no encoro. Este auga será impulsada ata a potabilizadora mediante un bombeo con dúas bombas de 20 kw cada unha delas.

Na planta potabilizadora proxectase unha terceira liña de tratamento de auga mediante filtración, co fin de incrementar a capacidade da planta dende 11 ata 17 litros/segundo. Tal e como se recolle no proxecto, será necesario reparar e renovar diversos elementos da estación de tratamento, realizarase unha impermeabilización e selaxe dos depósitos, repararanse os contadores de distribución ás parroquias e mellorarase e ampliarase o edificio. Tamén se instalará un novo cadro xeral de planta que permitirá un adecuado control e funcionamento da planta; e automatizarase de modo que o seu manexo sexa máis sinxelo e seguro.

Deste modo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da resposta a unha importante necesidade deste concello, evitando coa actuación tanto os problemas que puideran xurdir polos episodios de proliferación de algas no encoro de Vilasouto como as necesidades de subministración de auga dos habitantes de Bóveda, e dos usos gandeiros e empresariais neste concello.

Este tipo de actuacións correspóndese á construción de infraestruturas nos concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar este tipo de obras, e que teñen por

finalidade mellorar as deficiencias que presentan as infraestruturas potabilizadoras co obxectivo de garantir un servizo de abastecemento de calidade e en cantidade.

A XUNTA MOBILIZA 10 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR AS EXPORTACIÓNS DAS EMPRESAS GALEGAS

- *A través do programa re-Export mobilizaranse avais por importe de 8 millóns de euros, cubrindo o 50% dos custos das operacións de exportación impulsadas polas pemes*
- *O Plan de Fomento das Exportacións Galegas, FOEXGA, suma este ano 2 millóns de euros para facilitar a saída das empresas a mercados internacionais a través das Cámaras de Comercio*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial galego como un dos piares do crecemento económico, mobilizará este ano 10 millóns de euros destinados a impulsar as exportacións das empresas galegas na procura de novos mercados. Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe dous novos programas que facilitarán o desenvolvemento tanto de plans encamiñados a fomentar a saída das pemes ao exterior como de apoio ao financiamento necesario para acadar este obxectivo.

Así, a través do programa re-Export, a Consellería de Economía e Industria respaldará os custos das exportacións das empresas galegas cunha liña de avais que movilizará 8 millóns de euros para facilitar operacións destinadas a iniciar ou consolidar as vendas en mercados exteriores.

Estes créditos, concedidos polo Igape, garantirán nun 50% os custos das operacións de financiamento de materias primas e de fabricación dos produtos a exportar, así como os custos dos gastos derivados dos procesos de envasado e preparación para o envío ao exterior. Do mesmo xeito, as axudas facilitarán o cobro anticipado dos importes das exportacións contratadas e materializadas.

Ademais, os avais cubrirán as fianzas para participar en concursos, e garantirán tanto o cumprimento de contratos como as entregas a conta de clientes e o bo funcionamento dos produtos e servizos prestados pola empresa.

Esta nova edición do re-Export permitirá así impulsar as exportacións das pemes de calquera actividade produtiva. As operacións avaladas polo programa oscilarán entre os 80.000 e os 250.000 euros, prevéndose apoiar 100 operacións de exportacións nas pemes galegas coa fin de que o empresario cun bo produto para competir no exterior non deixe de facelo por falta de financiamento.

Pola súa banda, o Plan de Fomento das Exportacións Galegas, Foexga, contará desta volta cunha achega total de 2 millóns de euros que facilitarán, a través das Cámaras de Comercio galegas, a posta en marcha de iniciativas que favorezan o crecemento das

exportacións e a apertura das pequenas e medianas empresas a mercados en crecemento.

O Goberno galego reitera deste xeito o seu compromiso cun Plan no que a Consellería de Economía e Industria aporta o 60% do financiamento, correspondendo o 40% restante ás propias empresas. Materialízase, así, un programa que promove a colaboración coas cámaras e as empresas galegas para a posta en marcha de misións empresariais en mercados de interese, a acollida de misións de países que visitan a nosa Comunidade con intereses comerciais, así como para facer posible que as empresa galegas poidan estar presentes en grandes feiras internacionais.

Non en van, este Plan permitiu o pasado ano levar a cabo 79 misións, encontros empresariais, visitas e participacións en feiras internacionais, mentres que no 2013 está previsto incrementar esta cifra chegando a 84 actuacións en misións e feiras a prol da internacionalización das pemes galegas.

As cámaras galegas e arredor de 700 empresas participarán no Foexga co obxectivo de manter relacións comerciais nos mercados de países como Reino Unido, Portugal, Bélxica, Luxemburgo, Dinamarca, Rusia, Croacia, Eslovenia, Bosnia, Rumanía, Alemania, Francia, Italia, Xapón, China, Taiwan, Corea del Sur, India, Qatar, México, Panamá, Estados Unidos, República Dominicana, Canadá, Colombia, Venezuela, Brasil, Chile, Arxentina, Angola, Marrocos, Túnez, Guinea Ecuatorial, Sudáfrica, Nova Zelandia ou Australia.

Estas iniciativas reforzan a aposta pola internacionalización do tecido empresarial galego como un dos eixos estratéxicos da política económica da Xunta de Galicia. Así, os orzamentos deste ano incrementáanse nun 10% neste ámbito ata superar os 20 millóns de euros co obxectivo de seguir avanzando na proxección exterior das empresas galegas.

Entre as principais ferramentas destacan, ademais do re-Export e o Foexga, o programa ReAcciona, que facilita servizos gratuítos de diagnóstico para determinar o potencial de internacionalización das pemes galegas; a Rede Pexga, que ten beneficiado xa a máis de 5.000 empresas; o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT), que acadou o ano pasado a adxudicación de 62 contratos internacionais que supuxeron 127 millóns para empresas galegas; ou o Plan Primex, que ten contribuído á implantación de máis de 300 empresas no exterior.

A XUNTA DESTINA 8 MILLÓNS DE EUROS PARA MANTER O EMPREGO DUNHAS 2.000 PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

- *Estas subvencións van destinadas aos 115 centros especiais de emprego que existen en Galicia e abrangue o período entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de novembro de 2013*
- *A orde aprobada hoxe polo Consello da Xunta permite o anticipo do 80% da contía concedida, fronte ao 25% da anterior convocatoria*
- *A contía das axudas que se perciben por cada persoa contratada foi de 320,70 euros mensuais en 2012 e é de 322,65 euros mensuais este ano, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional vixente*
- *Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 7,28 millóns de euros para o mantemento do emprego de preto de 2.000 persoas traballadoras con discapacidade a través dunha orde de axudas que se encarga de financiar parcialmente o custo salarial destas contratacións. Estas subvencións van destinadas aos 115 centros especiais de emprego que existen en Galicia e abrangue o período entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de novembro de 2013.

O apoio aos centros especiais de emprego por parte da Xunta de Galicia complementábase coas axudas dos programas de incentivos para a creación ou ampliación do cadro de persoal con discapacidade e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional destes centros, neste caso cun orzamento de 800.000 euros. Así, o orzamento destinado en 2013 ao emprego das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego ascenderá a oito millóns de euros.

A orde aprobada hoxe polo Consello da Xunta permite o pagamento á conta e anticipado destas axudas. De feito, autorizouse a exención da obriga de constituír garantías para realizar os pagamentos anticipados e á conta, así como a modificación da porcentaxe máxima destas co fin de colaborar co mantemento destes centros e de facilitarlles o seu financiamento.

Deste xeito, autorizouse o pagamento á conta de ata un 90% da totalidade concedida, e o importe dos anticipos será do 80%, fronte ao 25% da anterior convocatoria.

A contía das axudas que se perciben por cada persoa contratada foi de 320,70 euros mensuais no 2012 e é de 322,65 este ano, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional vixente.

O obxectivo destas axudas é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas axudas favorecen a viabilidade destas empresas.

Estes centros dan empregos a persoas con distintos tipos e graos de discapacidade. En concreto, estes postos de traballo están ocupados por persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao superior ao 33 por cento. Tamén poden acceder a estas fórmulas especiais de emprego protexido as persoas cun grao de discapacidade física ou sensorial superior ao 33 por cento.

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar establece accións específicas para a inserción deste colectivo, así como para a súa permanencia no mercado laboral.

BENESTAR INVISTE 3 MILLÓNS DE EUROS EN FINANCIAR O MANTEMENTO DE ENTIDADES DE DISCAPACIDADE QUE CHEGAN A MÁIS DE 92.000 PERSOAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe 10 convenios de colaboración para axudar ao financiamento e o mantemento de programas que prestan estas asociacións*
- *Case 3 millóns son os que se destinan a entes adscritos a CERMI-Galicia: Autismo Galicia, Cogami, Down Galicia, FAXPG, Feafes-Galicia, Fegadace, e Fademga-Feaps*
- *Hoxe tamén se autorizaron os acordos con Fegerec, Aspaym e Aspace por valor de case 80.000 euros*
- *Con este investimento cúmprese o compromiso adquirido o ano pasado de blindar o orzamento destinado a este fin*
- *Tamén se empeza a dar cumprimento ao novo marco de repartición pactado con CERMI, que prevé unha redistribución das axudas en función da representatividade real de cada asociación*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2013 algo máis de 3 millóns de euros a financiar a través de convenios de colaboración o mantemento de diversas entidades de discapacidade, que beneficiarán máis de 92.000 persoas.

O Consello da Xunta aprobou hoxe 10 acordos con este obxectivo. Deste, un total de 7 correspóndense con entidades que conforman CERMI-Galicia: Autismo Galicia, Cogami, Down Galicia, FAXPG, Feafes-Galicia, Fegadace e Fademga-Feaps. Ademais, autorizáronse outros tres convenios de asociacións que non forman parte deste organismo: Fegerec, Aspaym e Aspace.

En total, o orzamento destinado aos compoñentes de CERMI acada os 3 millóns, aos que se suman os case 80.000 das outras tres entidades.

O apoio ás asociacións é un aspecto fundamental de cara á atención das persoas con discapacidade, especialmente tendo en conta que cada unha delas chega a uns beneficiarios específicos e con programas adaptados ás súas necesidades.

Cada entidade ten distintas actividades segundo o colectivo a que se dirixa, pero en xeral encárganse de: representar, defender e dar visibilidade aos seus asociados; promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con discapacidade; favorecer o desenvolvemento e a autonomía deste colectivo, e mellorar a súa calidade de vida; orientar e apoiar os seus beneficiarios e tamén os cuidadores; promover a formación e a investigación; e desenvolver actividades físicas, de recuperación, rehabilitación, así como de ocio e tempo libre.

En Galicia hai actualmente máis de 212.000 persoas con discapacidade, o que representa ao redor do 12 por cento da poboación.

Orzamento “blindado”

Cabe salientar, ademais, que esta partida vén cumprir o compromiso adquirido de blindar o financiamento destinado ao mantemento das entidades de atención á discapacidade. É preciso lembrar que nestas contías non están incluídas nin as axudas destinadas ao emprego das persoas con discapacidade, nin o concerto de prazas.

Coa aprobación destes novos convenios, comézase tamén a executar o novo marco pactado con CERMI, que prevé unha redistribución das axudas en función da representatividade real da poboación con discapacidade. Preténdese así evitar situacións como as da discapacidade física, que representa o 56 por cento da poboación galega con discapacidade pero recibía o 27 por cento dos fondos.

Esta redistribución farase de xeito gradual e consensuado ao longo de toda a lexislatura. Cada ano páctase o reparto do seguinte, o que dota o proceso de máis transparencia e permite ás entidades contar cunha maior estabilidade ao coñecer de antemán os fondos dos que disporán.

XUNTA, DEPUTACIÓNS E CONCELLOS ACHEGAN MÁIS 18 MILLÓNS DE EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS

- *Estes novos grupos de emerxencias situaranse estratexicamente en 25 localidades e contarán cunha estrutura máis profesionalizada e de carácter permanente*
- *Os GES complementarán as redes de bombeiros, Protección Civil e demais corpos de emerxencias, nunha auténtica malla de seguridade*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre o Goberno galego, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais, polo que as tres entidades achegarán 18,6 millóns de euros entre 2013 e 2015 para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais (GES).

Estes novos grupos de emerxencias situaranse estratexicamente en 25 localidades e contarán cunha estrutura máis profesionalizada e de carácter permanente, que vai permitir completar o mapa de emerxencias de Galicia, cubrindo a totalidade do noso territorio nunha distribución máis racional de recursos.

Dos 25 novos grupos, 22 estarán compostos por 12 efectivos e tres por 16, cun custo de 169.000 e 252.000 euros, respectivamente. Para completar a nova rede de emerxencias galega aproveitaranse os recursos dispoñibles de tres parques municipais - Pontearreas, Sanxenxo e Celanova- que se potenciarán dende a Xunta, cun custo de 125.000 euros ano cada un. O financiamento dos GES farase de acordo co esquema 60% a Xunta, 20% deputacións provinciais e 20% concellos.

Unha malla de emerxencias completa

Ao ter carácter supramunicipal, os GES complementarán as redes de bombeiros, tanto municipais como comarcais, nunha malla de xestión das emerxencias ás que tamén hai que sumar Protección Civil e o resto de corpos que colaboran nas emerxencias, como Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autónoma, servizos sanitarios, etc.

Os GES intervirán en situacións de emerxencia derivadas do desencadeamento de riscos naturais, como poden ser as nevaradas, inundacións, secas ou episodios meteorolóxicos adversos; no mantemento da rede de estradas e vías de comunicación ou participando en operativos de protección civil que se planifiquen en casos de actividades nas que se rexistran aglomeracións significativas de persoas.

Ademais, tamén intervirán en incendios urbanos e forestais; un traballo conxunto que se viña desenvolvendo cos municipios nos últimos anos, e que agora se verá redobrado, posto que tamén colaborarán en labores forestais preventivos. As actuacións en

materia de prevención de incendios forestais serán cofinanciadas con fondos Feader da Unión Europea.

Distribución consensuada e obxectiva

A distribución dos grupos, que foi consensuada entre Xunta, Deputacións provinciais e Fegamp, tivo en conta criterios obxectivos para dar a mellor resposta ante as emerxencias, entre os que se atopan a poboación atendida, a localización en zonas con riscos potenciais ou a existencia de medios e recursos municipais na actualidade que se poidan aproveitar. Ademais, evitáronse duplicidades, de tal xeito que ningún grupo de emerxencias se instalará alí onde xa haxa un parque de bombeiros, tal e como se establece no Pacto Local.

O obxectivo da posta en funcionamento destes novos grupos de emerxencias supramunicipais é crear unha auténtica malla que cubra todo o territorio e ofrezca unha resposta áxil e eficaz aos cidadáns galegos ante calquera incidencia. Un modelo que non sería posible sen a colaboración entre as distintas administracións -neste caso rexional, provincial e local-, redundando na idea de que a suma de esforzos é útil e necesaria e que entre todos somos máis eficientes.

A XUNTA DESTINA 4,5 MILLÓNS PARA IMPULSAR A TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DOS CENTROS DE COÑECEMENTO ÁS EMPRESAS GALEGAS

- *Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, asinará este mes os primeiros contratos-programa para potenciar a transferencia dos resultados da investigación á empresa co fin de incrementar a súa competitividade*
- *O programa está orientado á obtención de resultados, tendo os beneficiarios que acreditar o cumprimento de esixentes indicadores de actividade centrados na súa capacidade para trasladar os seus rendementos ao tecido empresarial*
- *Poténciase a atracción e retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano facilitando a contratación e consolidación de persoal*
- *Esta liña de actividade enmárcase na aplicación da Estratexia Estatal de Innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema Galego de I+D+i*

A Xunta de Galicia, na súa aposta por impulsar a transferencia de resultados da investigación á empresa, mellorando deste xeito a competitividade do tecido empresarial galego, destina este ano 4,5 millóns de euros para o desenvolvemento de contratos-programa cos centros tecnolóxicos e de investigación da Comunidade. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), asinará este mes os primeiros contratos, que permitirán dotar dun financiamento estable aos beneficiarios co obxectivo de que poidan orientar parte do seu desempeño cara o mercado.

Estes contratos-programa supoñen unha vía con gran potencial para a atracción e retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano, facilitando a contratación e consolidación de persoal de I+D e a súa formación profesional. Así mesmo, inclúen como gastos financiáveis outro tipo de actuacións relativas a equipamentos ou subcontratacións.

O novidoso programa de axudas, do que se informou hoxe ao Consello da Xunta, enmárcase na aplicación da Estratexia Estatal de Innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema Galego de I+D+i. A vinculación dos contratos-programa á e2i supón a blindaxe económica desta liña de actuación ata 2015, tendo o Goberno galego a intención de darlle continuidade máis alá dese exercicio como instrumento de apoio á actividade dos centros, apoiando a súa capacidade para xerar coñecemento transformable en innovación.

A liña está orientada cara a obtención de resultados, establecéndose un requisitos para o acceso baseados en esixentes indicadores de actividade que se centran, prioritariamente, na capacidade para transferir os rendementos á empresa e, polo tanto, contribuír de maneira decisiva na competitividade e o crecemento da economía galega.

Neste sentido, os compromisos que os centros deben cumprir están condensados nun número moi limitado de criterios, pero moi intensivos (contratos e unidades mixtas con empresas, patentes, etc.). Isto débese á intención de incentivar os esforzos nas partes que xeran máis valor da actividade que levan a cabo os centros.

Os beneficiarios serán, por unha parte, os cinco centros tecnolóxicos galegos que contan cun recoñecemento á súa excelencia por parte do Ministerio de Economía e Competitividade: AIMEN, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant), ANFACO-CECOPECA, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG). Estes terán acceso este ano a un total de 2,3 millóns de euros aos que deberán optar en réxime de concorrència competitiva tras a publicación da convocatoria correspondente.

Os 2,2 millóns restantes repartiranse entre a totalidade dos centros de coñecemento que existen en Galicia, entre os que están os centros da Plataforma de Innovación Sanitaria do Sergas, os centros situados en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) ou o Instituto Español de Oceanografía (IEO).

Os contratos-programa terán continuidade en vindeiras anualidades, nas que os indicadores que rexerán a competencia estarán xa aliñados coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) que Galicia está a deseñar para ter acceso aos fondos estruturais europeos no período 2014-2020. Nesta estratexia quedarán establecidos os sectores e os ámbitos de especialización con maior potencial innovador e de crecemento para Galicia.

O DOG PUBLICARÁ O VINDEIRO 14 DE MAIO A CONVOCATORIA DO CONCURSO-OPOSICIÓN DE 176 PRAZAS DE MÉDICO DO SERGAS

- *Destes, 164 corresponden á categoría de facultativo especialista de área e 12 á categoría de médico de urxencias hospitalarias.*
- *O prazo de inscrición para a participación neste proceso iniciarase o 15 de maio e finalizará o 14 de xuño deste mesmo ano.*
- *Esta convocatoria incorpora importantes novidades co fin de axilizar os trámites e cargas administrativas e refórzanse as medidas de seguridade*

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará o vindeiro día 14 de maio a convocatoria dun novo proceso selectivo para a cobertura de 176 prazas de persoal médico das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Destes, 164 corresponden á categoría de facultativo especialista de área e 12 á categoría de médico de urxencias hospitalarias.

Así, as prazas proveranse polo sistema de concurso-oposición e reservarase unha porcentaxe do 25% das prazas convocadas en cada categoría/especialidade para a súa cobertura pola quenda de promoción interna; e un 5% do total das vacantes da oferta para persoas que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

O prazo de inscrición para a participación neste proceso iniciarase o 15 de maio e finalizará o 14 de xuño deste mesmo ano.

Novidades desta convocatoria

Nesta convocatoria introdúcese importantes novidades como a mellora e modernización do proceso coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos ás diversas fases de tramitación. Así, por primeira vez, as solicitudes de participación no procedemento formalizaranse de forma electrónica a través de *Fides/expedient-e*.

Ademais, empregarase esta ferramenta para o rexistro dos requisitos de participación e méritos dos aspirantes. Así, os novos méritos que se acheguen pasarán a conformar e completar o seu expediente electrónico persoal e serán tidos en conta nos sucesivos procesos de selección e provisión de prazas que convoque o Sergas.

Doutra banda, en garantía da transparencia e obxectividade do proceso, elaboraranse guías de actuación e funcionamento dos tribunais que deban constituírse para a valoración das diferentes probas selectivas e méritos das persoas aspirantes.

Así mesmo, coa finalidade de garantir o principio de igualdade no acceso ao emprego público, o máximo nivel de confidencialidade no desenvolvemento das probas que integran a fase de oposición, así como a transparencia e rastrexabilidade do proceso, reforzaranse as medidas de seguridade nas diversas fases da súa tramitación.

Ademais, co fin de dotar o proceso de maior celeridade, a documentación acreditativa dos requisitos e méritos achegarna as persoas aspirantes no prazo de presentación das solicitudes de participación.

Tamén se regula o procedemento de acreditación de cada un dos méritos que integran o baremo das probas, xa que se trata dun procedemento de concorrencia competitiva no que todos os aspirantes deben acceder en condicións de igualdade e co obxecto de dotar de maior seguridade xurídica o proceso.

Este proceso incorpora ademais importantes novidades no seu baremo reitor. Así, na epígrafe de experiencia profesional e co obxecto de facer efectivo o dereito á libre circulación de profesionais no espazo europeo, valoraranse ao mesmo nivel os servizos prestados en institucións dun país da Unión Europea, Espazo Económico Europeo e Suíza.

Na epígrafe relativa á innovación e investigación valoraranse exclusivamente as publicacións avaladas por sociedades científicas, institucións públicas, académicas ou editoriais de carácter científico de recoñecido prestixio e incorporaranse novos aspectos do currículo investigador e docente do aspirante, tales como a súa participación en patentes, en programas de formación para a investigación e a docencia universitaria.

O SERGAS TEN EN MARCHA VARIOS PROGRAMAS PARA DIMINUÍR AS INFECCIÓN S RELACIONADAS COA ATENCIÓN SANITARIA

- *A implantación da estratexia de hixiene de mans permitiu situar a prevalencia da infección nosocomial no 7,64%*

As infección s relacionadas coa atención sanitaria (IRAS) supoñen unha seria carga de enfermidade e teñen un efecto económico considerable nos pacientes e nos sistemas sanitarios de todo o mundo. Así, a implantación de estratexias como a hixiene de mans pode salvar vidas. Dende a aplicación desta estratexia Galicia rebaixou a prevalencia da infección nosocomial ata o 7,64% no ano 2012, fronte ao 8,68% do ano 2008. En España a prevalencia foi dun 7,7%, segundo os datos do estudo nacional EPINE 2012.

O Servizo Galego de Saúde impulsa dende o ano 2009 a Estratexia da Organización Mundial da Saúde (OMS) para a mellora da hixiene das mans, en liña coa Estratexia do Ministerio de Sanidade, no marco das actuacións desenvolvidas para a mellora da Seguridade dos Pacientes. E así está incluída na Estratexia Sergas 2014 no obxectivo 2.6 políticas de calidade e seguridade.

Segundo os datos do informe presentado hoxe ao Consello da Xunta, o 100% dos centros sanitarios públicos galegos realizaron accións formativas centradas na hixiene das mans e nos 5 momentos para a hixiene das mans. Ademais aumentou a porcentaxe de camas con preparados de base alcohólica na habitación, que no ano 2009 era do 54% e actualmente é do 97,1%. O consumo de preparados de base alcohólica para a hixiene das mans nas UCI é do 100%.

Para o ano 2013 os obxectivos son continuar coa formación de profesionais e cidadáns nas recomendacións da OMS para unha correcta hixiene das mans e uso adecuado das luvas na atención sanitaria a través de accións formativas presenciais e en liña, ou a través de actividades formativas e informativas en distintos ámbitos da sociedade galega a través da colaboración coas universidades galegas ou o Parlamento de Galicia.

Outras actuacións

O departamento sanitario inclúe outras liñas de actuación para a mellora da seguridade dos pacientes como os programas Bacteriemia Zero e Pneumonía Zero; así como a utilización axeitada dos antimicrobianos para diminuír as resistencias, revisión do Plan MIRMIHGA, prevención da infección asociada a catéter venoso periférico, ou prevención da infección relacionada a sondaxe transuretral.